

## PROXECTO REHABILITACIÓN DA PONTE ROMANA DE LUGO

A ponte romana de Lugo é un conxunto de fábricas de moitas épocas (romana, medieval, e dos séculos XVIII, XIX e XX), froito de numerosas reconstrucións, reparacións e consolidacións que a mantiveron en uso como paso imprescindible sobre o río Miño para entrada e saída da cidade. A última actuación que determinou a imaxe da ponte nos últimos 110 anos, realizouse a finais do século XIX, de acordo co proxecto do enxeñeiro Godofredo A. Cascos, ao dotar á ponte con beirarrúas a ambos os dous lados, apoiadas nunhas vigas metálicas. Para iso alterouse a ponte nos seus alzados vistos, ao rebaixarse apreciablemente a rasante que tiña naquelas datas e desmocharse os remates ou sombreretes dos taxamares e espolóns para crear unhas plataformas horizontais, sobre as que se construíron unhas pilastras que sostían as estruturas metálicas das beirarrúas. Uns 70 anos despois, o enxeñeiro Tomás Notario redactou un proxecto de substitución e reforzo de estruturas, a raíz dun notorio accidente dun camión ocorrido en 1968. A obra correspondente realizouse en 1971.



### **Rehabilitación deseñada:**


Coa rehabilitación deseñada inténtase recuperar, sen crear falsos históricos, e conservando os engadidos históricos, salvo as non moi estéticas beirarrúas metálicas, unha estampa, unha imaxe máis acorde coa súa condición de ponte histórica.

Esta obra enmárcase dentro da recuperación das marxes do río Miño para goce e ocio da cidadanía en xeral e do barrio da Ponte en particular, proceso que se está a levar a cabo desde hai varios anos.

Basicamente, a solución que se considera comprende, en primeiro lugar, a desmontaxe das beirarrúas e varandas metálicas existentes e a demolición dos actuais pavimentos asfálticos da calzada da ponte e os seus accesos máis próximos. Darase á ponte unha nova rasante ao eliminar a rampla decimonónica de entrada na marxe esquerda, rebaixando a calzada. Este rebaixe permitirá

unhas entradas con menos pendentes a Calzada da Ponte e ao camiño que bordea o río ata o balneario. Polo recheo da ponte soterraranse as canalizacións de diversos servizos urbanos (abastecemento de auga potable, alumeadado público baixa tensión, telefonía e reserva) e realizarase unha nova calzada de lousa posta a chapacuña e novos petriles de fábrica esquisto.

A obra foi adxudicada á empresa ourensá “Misturas” nun total de 688.048,56 € dos que o Concello aportará o 25 % e o Ministerio de Fomento o 75 %.



### **Tráfico:**

Durante a realización da obra aplicarase un Plan de Tráfico no que se tiveron en conta as aportacións realizadas polos veciños e a súa asociación en diferentes reunións. Este plan foilles presentado previamente á súa aprobación definitiva pola Concelleira e técnicos municipais. Durante a obra o paso con vehículos estará completamente prohibido e os accesos ao barrio realizaranse en exclusiva pola nova ponte. No caso dos veciños da Fermín Ribera poderán acceder como residentes en todo momento pola Rúa Vella da Ponte, mentres que os usuarios/as do Club Fluvial accederán fundamentalmente a pé ou ben desde o Camiño das Regas ou a pista procedente das Illas (Orbazai).

Rematada a obra a utilización prevista da ponte polo tráfico rodado é o de saída da cidade. Só haberá un sentido de circulación polo que os accesos de entrada á cidade realizaranse pola ponte nova.

Mentres se desenvolva esta obra e coincidindo cunhas actuacións da empresa de comunicacións R na estrada vella de Santiago, procederase a cambiar todas as tapas dos rexistros existentes na calzada e que causan numerosas molestias aos veciños polo ruído que fan.